

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 20.02.2019

Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 20 de febreiro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 45891 (10/CPC-000097)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da directora da Escola Galega da Administración Pública, por petición propia, para informar sobre o Plan de formación da Escola para o ano 2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019

Punto 2. Preguntas

- 2.1 42402 (10/POC-006633)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a valoración da multa da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) a once empresas do sector da informática por actuar como un cártel na subministración de servizos ás administracións e os contratos, concepto e cantidades que a Xunta de Galicia puidera ter asinado con elas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019
- 2.2 44177 (10/POC-007077)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Moreira Ferro, Jacobo e 6 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para o cumprimento do Acordo parlamentario do 16 de xuño de 2017 referido á centralización dos procesos selectivos de policía locais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019

Punto 3. Propositions non de lei

- 3.1 2863 (10/PNC-000285)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e Vilán Lorenzo, Patricia
Sobre os mecanismos que debe establecer a Xunta de Galicia para que o presidente da Xunta de Galicia dea persoalmente conta diante do Pleno do

Parlamento das súas viaxes institucionais ao exterior
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43, do 12.01.2017

- 3.2 40175 (10/PNC-003243)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa revisión da Lei de Demarcación e de Planta Xudicial co fin de ampliar o número de xulgados exclusivos en materia de violencia sobre a muller, o incremento de especialización na materia no resto dos xulgados e o impulso da especialización por agrupación de varios partidos xudiciais lindeiros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 21.11.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

César Manuel Fernández Gil
Presidente da Comisión

**César Manuel
Fernández Gil**

Firmado digitalmente por César Manuel
Fernández Gil
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=César Manuel Fernández Gil,
email=cesar.fernandez.gil@parlamentod
egalicia.gal
Fecha: 2019.02.13 14:28:18 +01'00'

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 20.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 20.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 45891(10/CPC-000097)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da directora da Escola Galega de Administración Pública, por
petición propia, para informar sobre o plan de formación da
escola para o ano 2019

Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019

11/02 2019 10:03 FAX 00981541211

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

0001/0001

11 FEB. 2019



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Nº 45891

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
11 FEB. 2019
SAIDA
Num. 28

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior- da directora da Escola Galega de Administración Pública, para informar sobre "o *Plan de formación da Escola para o ano 2019*".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinada por GARCÍA-BERGOÑANS ALVAREZ, BLANCA
Data e hora: 11/02/2019 08:27:11

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

02E-xyqphijadp
Validación: info@xunta.galicia



Xacobeo 2021

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 20.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 20.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 42402(10/POC-006633)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración da multa da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) a once empresas do sector da informática por actuar como un cártel na subministración de servizos ás administracións e os contratos, concepto e cantidades que a Xunta de Galicia puidera ter asinado con elas

Publicación da iniciativa, 411, 15.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:01:19
Nº Rexistro: 42402
Data envío: 03/01/2019 12:01:19.031

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia fixo público o pasado 1 de agosto de 2018 a imposición dunha multa de 29,9 millóns de euros a 11 empresas por crear un cártel no subministro de servizos de informática e xestión de datos ás administracións públicas. Segundo a CNMC a trama empresarial repartiu clientes, pactou os prezos e as condicións comerciais e intercambiou información comercial sensíbel para encarecer a contratación pública.

As empresas sancionadas e as multas son as seguintes:

- Indra Sistemas SA: 13,5 millóns de euros
- SAG (Software AG) España SA: 6 millóns de euros
- Atos Spain SA: 5 millóns de euros
- Connectis ICT Services SA.: 1,8 millóns de euros
- IBM (International Business Machines) SA: 940.000 euros
- Everis Spain SL: 800.000 euros

CSM-REXISTRO-GTBEZS1a-9
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:01:19
Nº Registro: 42402
Data envío: 03/01/2019 12:01:19.031

- Babel Sistemas de Información SL: 633.917 euros
- Cibernos Consulting SA: 616.038 euros
- Gesein SL: 320.969 euros
- Accenture SL y Accenture Outsourcing Services SA: 300.000 euros
- Next Computer Services SA: 46.760 euros

Varias destas empresas son adjudicatarias de contratos da administración autonómica. Algunhas delas teñen unha relación intensa coa Xunta de Galiza e os seus organismos, como é o caso de Indra ou Aversis, que recibiron nos últimos anos cantidades millonarias en contratos públicos.

No tocante á empresa Aversis, foi beneficiaria no ano 2017 de contratos por valor de máis de 4 millóns de euros, a maior parte deles con AMTEGA, Sergas e Innovación e Industria

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Como valora o goberno galego a multa da CNMC a 11 empresas do sector da informática e servizos de datos por actuar como un cártel no subministro de servizos ás administracións?

2. Cantas e cales destas empresas son contratistas da Xunta de Galiza?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:01:19
Nº Rexistro: 42402
Data envío: 03/01/2019 12:01:19.031

3. Que contratos, con que concepto e cantidades asinou a Xunta de Galiza, ben directamente ou por medio de organismos, axencias e calquera outro tipo de entidades dependentes dela, con estas empresas?

4. Cal é o total da facturación da Xunta de Galiza con Averis nos anos 2012-2018?

5. Cal e o total da facturación da Xunta de Galiza con Indra nos anos 2012-2018?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2019 12:00:31





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2019 12:01:19
Nº Rexistro: 42402
Data envío: 03/01/2019 12:01:19.031

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2019 12:00:35

Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2019 12:00:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2019 12:00:38

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2019 12:00:40

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2019 12:00:41

CSV, REXISTRO: C79EPZS7a-9
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 20.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 44177(10/POC-007077)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 6 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para o cumprimento do Acordo parlamentario do 16 de xuño de 2017 referido á centralización dos procesos selectivos de policía locais

Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 11:17:49
Nº Rexistro: 44177
Data envío: 21/01/2019 11:17:49.304

A Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julia Rodríguez Barreira e César Fernández Gil, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O 16 de xuño de 2017 o Parlamento de Galicia adoptaba por unanimidade o seguinte acordo:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1º. *Realizar a maior difusión entre os concellos de Galicia da posibilidade de contar coa colaboración da Xunta de Galicia nos procesos selectivos de policía locais, cara a continuar coa mellor profesionalización destes corpos.*

2º. *Realizar o desenvolvemento regulamentario necesario no prazo máis áxil posible para implantar en 2018 a primeira convocatoria centralizada.»*

A iniciativa partía do Grupo Popular, que mostraba o seu interese polo avance na cooperación Xunta-Concellos para a prestación de servizos municipais. Tendo en conta que a Xunta de Galicia xa facía un importante esforzo na formación deste persoal municipal a través da Academia Galega de Seguridade Pública, o seguinte paso lóxico era ampliar esa colaboración ao proceso selectivo.

Un paso que viña avalado, ademais, por unha habilitación legal e por un acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias e que implicaba unha gran axuda para concellos pequenos que contan con poucos medios para organizar pola súa propia conta este tipo de probas selectivas mais que teñen, ao tempo, unha importante necesidade de contar con este tipo de persoal de seguridade.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

-Que actuacións levou a cabo a Xunta de Galicia para dar cumprimento ao acordo parlamentario de xuño de 2017 relativo á centralización dos procesos selectivos de policía locais?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2019.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO-mfx41VPc1-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2019 11:17:49
Nº Rexistro: 44177
Data envío: 21/01/2019 11:17:49.304**

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 21/01/2019 11:01:27

María Isabel Novo Fariña na data 21/01/2019 11:01:47

Antonio Mouriño Villar na data 21/01/2019 11:02:00

Alberto Pazos Couñago na data 21/01/2019 11:02:24

Paula Prado Del Río na data 21/01/2019 11:16:23

María Julia Rodriguez Barreira na data 21/01/2019 11:16:37

César Manuel Fernández Gil na data 21/01/2019 11:16:51



CSV_XESTRO-mF41VPc1-2

Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 20.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 20.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

3.1 2863(10/PNC-000285)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre os mecanismos que debe establecer a Xunta de Galicia
para que o presidente da Xunta de Galicia dea persoalmente
conta diante do Pleno do Parlamento das súas viaxes
institucionais ao exterior

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Na comparecencia do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea perante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, que tivo lugar o 21 de xullo de 2016, deuse conta por parte do comparecente das viaxes do presidente da Xunta de Galicia durante o primeiro semestre do pasado ano 2016. Nese relatorio de viaxes, subliñouse ante todo os encontros institucionais directos que mantivo o Sr. Núñez Feijóo cos presidentes das tres repúblicas que visitou: Arxentina e Uruguai en abril e Cuba no mes de maio.

Na viaxe a Arxentina, ademais da presenza do Sr. Núñez Feijóo na prestixiosa Feira internacional do Libro de Bos Aires, o presidente da Xunta de Galicia, sinala o relatorio, asistiu á celebración "Bos Aires celebra Galicia", sendo o encontro co novo presidente de Arxentina, o Sr. Macri, o acto máis relevante desta visita. Este encontro centrouse, fundamentalmente, en aspectos de natureza económica para incrementar os intercambios comerciais e de investimentos produtivos recíprocos.

No encontro co presidente da República de Uruguai, o doutor Tabaré Vázquez, relátase que se trataron asuntos como a posible participación galega en sectores en expansión naquel país, como as enerxías renovables ou as infraestruturas, estando o goberno de Uruguai, segundo se nos informa, a valorar a posibilidade de presentar en Galicia o proxecto de infraestruturas do país, que conta cun valor de máis de 12.500 millóns de dólares de investimento. O Sr. Núñez Feijóo tamén desenvolveu encontros



coa mocidade galega de Uruguai e na Cámara Española de Comercio co intendente de Montevideo.

A viaxe realizada entre o 25 e o 29 de maio a Cuba, segundo o relato do comparecente, tiña como obxectivo principal reforzar as comunidades galegas no exterior e trasladar ao pobo cubano que "... Galicia quere formar parte do proceso de reactivación económica do país, que semella coller pulo logo da visita do presidente dos Estados Unidos á illa." Ademais dos encontros que se relatan, sinálase a sinatura de sendos memorandos cos ministerios cubanos de Cultura e de Comercio Exterior e Investimento Estranxeiro, enfatizando con este Ministerio as accións en sectores como a biotecnoloxía, enerxía eólica, agroalimentaria e sector da biomasa. Tamén falouse das oportunidades que as empresas galegas poden ter no ámbito da obra pública en Cuba, perante a iniciativa cubana de incrementar un 30 %, nos vindeiros anos as súas camas hoteleiras. Tamén de oportunidades do naval galego, da industria téxtil, do sector artístico e do audiovisual. Finalmente, na reunión co presidente cubano ambos mandatarios acordaron asinar entre a Xunta de Galicia e a Vicepresidencia económica de Cuba, en nove ministerios cubanos, un máis completo memorando que (na data da Comisión 1ª de referencia) estaba en fase de redacción.

Na nova comparecencia do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea do pasado venres 30 de decembro perante a Comisión 1ª, na que deu conta das viaxes de altos cargos autonómicos durante o segundo semestre de 2016, sinalouse que o presidente da Xunta de Galicia non tiña realizado ningunha nova viaxe ao estar próximo o proceso de eleccións ao Parlamento de Galicia.

Loxicamente, nesta Comisión parlamentaria se lle preguntou ao comparecente pola previsión de resultados a curto e medio prazo das viaxes presidenciais realizadas en semestres anteriores, enfatizándose na absoluta necesidade de que sexa en adiante o propio presidente da Xunta quen dea persoalmente conta diante da Cámara autonómica das súas viaxes, vista a importancia e relevo que teñen e deben de ter no eido económico, cultural e de relacións coa comunidade galega no exterior. O propio voceiro do



Grupo Parlamentario

Grupo Popular nesta Comisión sinalou que si a oposición tiña tanto interese na explicación das súas viaxes polo Sr. presidente da Xunta de Galicia, que se solicitase.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As viaxes do presidente da Xunta de Galicia ao exterior non poden quedar reducidas a un mero índice de datas, lugares de viaxe e relación de encontros con autoridades que semestralmente se presenta na Comisión 1ª, sen que o Pleno do Parlamento nin, en definitiva, a sociedade galega en xeral, coñezan a transcendencia real, os contidos concretos e os resultados esperados e avaliados da nosa acción exterior, cada día máis complexa e relevante. As previsións nesta materia establecidas no Capítulo V ("Desprazamentos de autoridades galegas ao exterior") do Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, son claramente insuficientes.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a establecer os mecanismos precisos que garantan que o presidente da Xunta de Galicia dea persoalmente conta diante do Pleno do Parlamento das súas viaxes institucionais ao exterior, modificándose, se proceder, o disposto no capítulo V do Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro de 2017

Asdo.: Juan Manuel Díaz Villoslada
Patricia Vilán Lorenzo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2017 11:35
Nº Rexistro: 2863
Data envío: 03/01/2017 11:35:51.748



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/01/2017 11:29:24

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2017 11:29:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/01/2017 11:29:37

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 20.02.2019 Hora: 10:30

Orde do día

3.2 40175(10/PNC-003243)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa revisión da Lei de Demarcación e de Planta Xudicial co fin de ampliar o número de xulgados exclusivos en materia de violencia sobre a muller, o incremento de especialización na materia no resto dos xulgados e o impulso da especialización por agrupación de varios partidos xudiciais lindeiros

Publicación da iniciativa, 386, 21.11.2018

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario de En Marea** a través do deputado **Luís Villares Naveira** e da deputada **Carme Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.^a**

Exposición de motivos:

No ano 2004 aprobouse a Lei Orgánica de 28 de decembro de medidas de protección Integral contra a Violencia de Xénero, publicada no BOE o 29 de decembro de 2004.

Mediante esta lei creáronse os Xulgados de violencia sobre a muller, modificándose a Lei 6/1985 Orgánica do Poder Xudicial ao que se engadiu un novo artigo 87 bis, polo que se creaba en cada partido xudicial un ou máis Xulgados de Violencia sobre a Muller, con sede na capital de aquel e xurisdición en todo o seu ámbito territorial. Estes xulgados ademais adoptarían a designación do municipio da súa sede.

Tamén se preveu a posibilidade de que se puidesen establecer excepcionalmente Xulgados de Violencia sobre a Muller que estendesen a súa xurisdición a dous ou máis partidos dentro da mesma provincia

Sería o Consello Xeral do Poder Xudicial o que podería acordar, co previo informe das salas de goberno, que naquelas circunscricións onde fose conveniente en función da carga de traballo existente, o coñecemento dos asuntos corresponda a un dos xulgados de Primeira Instancia e Instrución, ou de Instrución no seu caso, determinándose nesta situación que un so destes órganos coñeza de todos estes asuntos dentro do partido xudicial, xa sexa de xeito exclusivo ou coñecendo tamén doutras materias.



Naqueles partidos nos que exista un só Xulgado de Primeira Instancia e Instrución será o que asuma o coñecemento dos asuntos naqueles asuntos referentes ao artigo 87 ter desta lei, é dicir, todos aquelas denuncias formuladas por feitos derivados da violencia de xénero, feitos cometidos por un home contra a muller, unidos por unha relación de parella. Estes xulgados exclusivos teñen competencia no ámbito penal e civil.

Estes xulgados entraron en vigor o 29 de xuño de 2005. Segundo o Consello Xeral do Poder Xudicial existen 106 xulgados exclusivos de violencia sobre a muller, dos que 2 en Galicia correspóndense cos Xulgados de Violencia sobre a Muller da Coruña e XVM de Vigo e hai 43 xulgados compatibles dos que 38 son Xulgados de Instancia e Instrución e 5 son unicamente de Instrución.

Á vista de que en Galicia repuntaron este ano os asuntos relacionados coa violencia sobre a muller, segundo a memoria da Fiscalía Superior de Galicia, é necesario que cando menos exista un xulgado especializado exclusivo por provincia e que se impulse a especialización no resto de partidos.

En todo caso, continúa vixente a necesidade de reforzar a formación e mellora de dotación de recursos aos xulgados con competencias sobre a materia e para a súa optimización de recursos, a especialización e agrupación de varios partidos xudiciais tense revelado como un instrumento áxil e eficaz para a atender as necesidades derivadas desta tipoloxía delictiva.

A determinación das necesidades de exclusividade no exercicio da xurisdición deben vir referencias a partir dos datos oficiais do CXPX e das ratios de carga de traballo razoable.

A agrupación de varios partidos debe vir determinada por criterios de axilidade e facilidade de acceso á xurisdición, previa escoita activa dos operadores xurídicos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.^a



O Parlamento insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado co fin de:

1. Acadar a revisión da lei de planta e demarcación xudicial coa finalidade de ampliar o número de xulgados exclusivos en materia de violencia sobre a muller, co obxectivo de que haxa un xulgado especializado con competencia exclusiva polo menos en cada provincia.
2. Incrementar a especialización no resto de xulgados, reforzando a formación nos xulgados con competencia sobre a materia e aumentando a porcentaxe de dedicación a estes asuntos onde a competencia non sexa exclusiva.
3. Promover a especialización por agrupación de varios partidos xudiciais lindeiros onde non se dificulte o acceso por razón de distancia á xurisdición.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 13/11/2018 11:19:24



Carmen Santos Queiruga na data 13/11/2018 11:19:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 11:20
Nº Rexistro: 40175



Data envío: 13/11/2018 11:20:04.267